



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/52	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	3 de decembro de 2018
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:20 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 19 de novembro de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 19 de novembro de 2018.

Expediente 5867/2018. Solicitud de cambio de titularidade de sinal de pasaxe permanente nº 735

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por A.B.F., na que demanda o cambio de titularidade de sinal de paxase permanente nº X, a favor do seu fillo A.B.S.
A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto en data 28.11.2018, acorda proceder ao cambio de titular do sinal de paxase permanente nº X, a favor de A.B.S.

Expediente 5801/2018. Solicitud de cambio de titularidade de sinal de pasaxe permanente nº 620

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por A.R.F., na que demanda o cambio de titularidade de sinal de paxase permanente nº X, a favor da súa nai M.F.G., por falecemento desta.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto en data 27.11.2018, acorda proceder ao cambio de titular do sinal de paxase permanente nº X, a favor de A.R.F.

Expediente 5520/2018. Solicitud de ocupación da vía pública con atracción infantil

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta-informe de data 27.11.2018 do

Concello de Cangas



Concello de Cangas

departamento de xestión de ingresos tributarios, para ocupación de vía pública con atracción infantil solicitada por X.A.R.G., que é como segue:

"Asunto: ocupación de vía pública con atraccións na esplanada dos Xardíns do Señal.

En relación coa solicitude de instalación de atraccións de X.A.R.G., co NIF X e con enderezo en rúa Escote, nº X-San Pedro-Darbo (36949) Cangas.

Despois de comprobar, por parte da concellería de obras e servizos e a concellería de desenvolvemento económico e emprego local, que existe espazo para a dita ocupación, emítese a seguinte:

** Proposta-informe de ocupación de vía pública con unha atracción infantil 'maxi-dance' de 13,00 m. de diámetro (132,00 m2.) e taquilla de 3,00 m2., de 14 de decembro de 2018 ao 6 de xaneiro de 2019".*

Expediente 5023/2018. Solicitude de ocupación da vía pública con atracción infantil

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta-informe de data 27.11.2018 do departamento de xestión de ingresos tributarios, para ocupación de vía pública con atracción infantil solicitada por M.D.B.C., que é como segue:

"Asunto: ocupación de vía pública con atraccións na esplanada dos Xardíns do Señal.

En relación coa solicitude de instalación de atracción de M.D.B.C., co NIF X e con enderezo en rúa Manuel Deschamps, nº X (15011) A Coruña.

Despois de comprobar, por parte da concellería de obras e servizos e a concellería de desenvolvemento económico e emprego local, que existe espazo para a dita ocupación, emítese a seguinte:

Proposta-informe de ocupación de vía pública de un scalextric de 50,00 m2., do 14 de decembro de 2018 ao 6 de xaneiro de 2019".

Expediente 4964/2018. Solicitude de ocupación da vía pública con atracción infantil

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta-informe de data 27.11.2018 do departamento de xestión de ingresos tributarios, para ocupación de vía pública con atracción infantil solicitada por L.S.A., que é como segue:

"Asunto: ocupación de vía pública con atraccións na esplanada dos Xardíns do Señal.

En relación coa solicitude de instalación de atraccións de L.S.A., co NIE X e con enderezo no

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Lgar A Relva, nº X (Torreiros) 36410-Porriño.

Despois de comprobar, por parte da concellería de obras e servizos e a concellería de desenvolvemento económico e emprego local, que existe espazo para a dita ocupación, emítase a seguinte:

** Proposta-informe de ocupación de vía pública con un carrusel (baby-cadenas) de 25,00 m2., un hinchable de 20,00 m2., e unhas mesas de 6,00 m2., do 14 de decembro de 2018 ao 6 de xaneiro de 2019".*

Expediente 5012/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5012/2018.- Outorgar a "FORTE DENTAL SALUD SL", con enderezo en rúa Almirante Ozámiz, nº X-Cangas, licenza de obras para no referido lugar regulado pola ordenanza de aplicación URME (3), reformar interiormente en 111,28 m2., de planta baixa, 94,73 m2., de primeiro andar; 105,91 m2., de segundo andar; ampliar o aproveitamento baixo cuberta en 82,90 m2.; e 48,47 m2., de terraza (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico de reforma e ampliación de edificación, dedicada a clínica odontolóxica, elaborado polos arquitectos R.A.A., A.L.N. e M.F.E., de data 11 de outubro de 2018 e documentación complementaría de data 22 de novembro de 2018. A licenza outorgarase condicionada a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución de obras visado, oficios de dirección. O presuposto de execución material ascende a cento trinta e seis mil dez euros con dezaoito céntimos (136.010,18 €).

Expediente 1114/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1114/2018.- Outorgar a B.P.C., con enderezo en rúa Fomento, nº X-Cangas, licenza de obras para no lugar de Trigás-Coiro, regulado pola ordenanza 9, solo urbano de núcleo rural URNU, a construción de unha vivenda unifamiliar de 116,65 m2., de semisoto; 92,25 m2., de planta baixa; 63,25 m2., de primeiro andar; 35,08 m2., de terrazas; e 25,20 m2., de edificación adxectiva (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto R.S.S., de data febreiro de 2018 e condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 15 de outubro de 2018. A licenza outórgase condicionada a presentar, antes do inicio das obras, o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e a cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo, a formalizar perante o Catastro e a que o acceso á vivenda se realizará a través do vieiro municipal. O presuposto de execución material ascende a cento vinte e catro mil seiscentos cincuenta e oito euros con vinte e cinco céntimos (124.658,25 €).

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Acéptase a cesión para ampliación do viero municipal formalizado en acta de comparecencia de data 28 de xuño de 2018, por unha superficie de 6,50 m²., e unha fianza para garantir as obras de urbanización depositado en "Abanca", por importe de trescentos euros (300,00 €), de data 28 de xuño de 2018.

Expediente 2023/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2023/2018.- A "ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SLU", titular do CIF Nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Parque Empresarial "La Finca", Paseo del Club Deportivo, nº X-Pozuelo de Alarcón (Madrid), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para despregamento da fibra óptica na Avda. de Moaña, rúa María Soliña, Avda. de Vigo e rúa Mestre Carballo, nº X (ACTUACIÓN Nº X), de conformidade coa documentación presentada en data abril de 2018 e visto o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local de data 29 de outubro de 2018, no que se aprobou o convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e "Orange España Comunicaciones Fijas SAU", para o despregamento de fibra óptica.

As obras cumprirán coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose empregar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SLU", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanca.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 5119/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5119/2018.- Outorgar a A.G.G., con enderezo en Travesía San Francisco, nº X-Cangas, licenza de obras para no lugar da rúa Sartaséns-Menduña-Aldán, regulado pola ordenanza 11 de solo no urbanizable de núcleo rural, área semiconsolidada SNUN+, construír unha vivenda unifamiliar composta de 28,54 m²., de soto; 212,41 m²., de planta baixa; 191,92 m²., de primeiro andar; 55,35 m²., de porche; 65,00 m²., de edificación adxectiva; 192,00 ml., de cerramento e unha piscina (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta O.S.A., de data agosto de 2018, condicionado a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución de obras visado, oficios de dirección e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a trescentos setenta e catro mil novecentos cincuenta e nove euros con corenta céntimos (374.959,40 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizado en escritura pública de data 24 de novembro de 2017, feita pola notaria A.T.C.P., por unha superficie de 168,39 m²., e unha fianza para garantir as obras de urbanización depositada en "Caixabank", por importe de cinco mil cincocentos dez euros con cincuenta e seis céntimos (5.510,56 €) de data 26 de novembro de 2018.

Expediente 2523/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2523/2018.- A "ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SLU", titular do CIF Nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Parque Empresarial 'La Finca', Paseo del Club Deportivo, nº X-Pozuelo de Alarcón (Madrid), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para despregamento de fibra óptica na Avda. de Marín, rúa Reboredo, r/Antonio Soage Jalda, r/Atranco, r/Baiona, r/Gondomar, r/A Guardia, r/Noria e r/Redondela (ACTUACIÓN Nº X), de conformidade coa documentación presentada en data maio de 2018 e visto o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local de data 29 de outubro de 2018, no que se aprobou o convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e "Orange España Comunicaciones Fijas SAU", para o despregamento de fibra óptica.

Deberá cumprir coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de



Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SLU", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 5088/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5088/2018.- Outorgar a E.C.F., con enderezo en rúa Pega, nº X-Vigo, licenza de obras para en rúa A Guardia, nº X-Cangas, dividir un local comercial de 155,00 m² (referencia catastral X), ten dous locais, un de 96,00 m²., e outro de 59,00 m²., de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto J.M.P.R., de data de visado 11 de outubro de 2018. O presuposto de execución material ascende a cincocentos noventa e catro euros (594,00 €).

Expediente 1778/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1778/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por P.A., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Bueu, nº X, titular do NIF nº X, para actividade de venda de cosméticos, estética e perruquería no local sito na Avda. de Méndez Núñez, nº X (referencia catastral X), segundo o informe favorable da arquitecta de data 23 de novembro de dous mil dezaioito.



Expediente 5633/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5633/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.A.B.C., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Cega, nº X-Cangas, para apertura de porta de acceso a local sito na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 4-baixo esquerda-Cangas (referencia catastral 8193707NG1789S0001SP), de acordo coa documentación que obra no expediente de data 9 de novembro de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a cincocentos corenta e sete euros con oitenta céntimos (547,80 €).

Expediente 2436/2018. Expediente de reposición da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 23.11.2018, referente ao expediente nº 436/2018 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Resultando que no lugar de Estrada de Bueu, nº X-Aldán, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en instalación de un decantador de graxas soterrado e arrimado ao lindeiro con conexión ao saneamento.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: 'ROGELIO IGLESIAS E HIJOS SA', promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo o sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reducirase na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e dacordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada Lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:



PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador por infracción urbanística a 'ROGELIO IGLESIAS E HIJOS SL', de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución: instalación de un decantador de graxas soterrado e arrimado ao lindeiro con conexión ao saneamento no lugar de Estrada de Bueu, nº X-Aldán.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instructor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente".

Expediente 5902/2017. Expediente de reposición da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da instrutora de data 28.11.2018, referente ao expediente nº X de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN



M.R.G., instrutora designada polo Alcalde do Concello mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2018, en relación co expediente sancionador nº X, que se está a tramitar neste Concello, emite a seguinte proposta de resolución vistos os seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de M.C.G. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse, no lugar de Outeiro-Coiro, obras sen licenza consistentes en realizar un cerramento mediante postes e bloques prefabricados de formigón arrimado ao canle do río Presas e a instalación de unha estrutura de chapa metálica de aproximadamente 50 m²., sen o recuado de 4,00 metros do eixo do camiño, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 8 de agosto de 2018.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 18 de agosto do 2018, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba, a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Outeiro-Coiro, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 158.3. da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 8 de agosto de 2018.

SEGUNDO.- Que M.C.G., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

TERCEIRO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, e o suficiente importante para graduar a sanción a imponer na súa contía seis mil un euros (6001,00 €). Indicar ao interesado, que se legaliza as obras realizadas antes da resolución do presente expediente, reducirase a contía da sanción nun 90%.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Imponer a M.C.G., na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de seiscentos euros con dez céntimos (600,10 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Outeiro-Coiro, consistentes en realizar un cerramento mediante postes e bloques prefabricados de formigón arrimado ao canle do río Presas, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 26.09.2016.



SEGUNDO.- Advertir ao interesado que, en caso de pagar voluntariamente a sanción imposta no período de pagamento voluntario, aplicarase unha redución na mesma do 50%. Non entanto, a súa efectividade estará condicionada ao desistimiento ou renuncia de calquera acción de impugnación no referido prazo".

Expediente 7348/2017. Expediente nº 31/2017 de reposición da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da instrutora de data 27.11.2018, referente ao expediente nº 31/2017 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Visto o xustificante de pagamento de data 24.10.2018, de D.H.B., con NIF nº X, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº X, obrante no expediente.

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a D.H.B. por ter realizado no lugar de Balea-Darbo, as obras de muro de contención e unha edificación adxetiva de planta baixa arrimada ao lindeiro, visto o xustificante de pagamento da sanción imposta de data 24.10.2018 obrante no expediente".

Expediente 2577/2018. Expediente de reposición da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da instrutora de data 28.11.2018, referente ao expediente nº 2577/2018 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

M.R.G., instrutora designada polo alcalde do Concello, mediante proposta de Alcaldía de data 24 de agosto de 2018, en relación co expediente sancionador nº 2577/2018, que se está a tramitar neste Concello, emite a seguinte proposta de resolución visto os seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de J.A.M.P. e segundo consta no expediente anterior de restauración



da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de Vilariño-O Hío, obras sen licenza consistentes en realizar un cerramento es espazo viario, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 12 de xuño do 2018.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 03.09.2018, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 17 de outubro de 2018 presenta escrito de alegacións no que manifesta en síntese que:

O camiño preexistente está libre i expedito, polo que solicita o arquivo do expediente sancionador.

A alegación presentada non desvirtúa os feitos denunciados pola inspección municipal e polo tanto debe ser desestimada visto o informe do arquitecto no que sinala que as obras son ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas subsidiarias de Planeamento de Cangas e o propio informe da inspección de data 20.07.2018, no que sinala que: 'Nestes intres o cerramento polo cal se incoou este expediente de reposición da legalidade urbanística foi retirado, quedando a situación actual como se pode observar na fotografía que achego, un valado desprazable a modo de protección de obra a menos de un metro da edificación, consecuentemente considero reposta a legalidade urbanística'.

Con data 07.11.2018, foi notificada proposta de sanción, concedéndose ao interesado un prazo de quince días para formular alegacións e presentar os documentos e informacións que estime pertinentes.

Con data 27.11.2018, rexistro de entrada nº 13873, J.A.M.P. presenta escrito manifestando que: 'Non hai proba de cargo porque non hai obra executada nin se probou que a houbera anteriormente e que fora desfeita non houbo unha obra ilegal que logo se legalizou'.

Esta alegacion debe ser igualmente desestimada visto o informe do arquitecto no que sinala que as obras son ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas subsidiarias de Planeamento de Cangas e o propio informe da inspección de data 20.07.2018, no que sinala que: 'Nestes intres o cerramento polo cal se incoou este expediente de reposición da legalidade urbanística foi retirado, quedando a situación actual como se pode observar na fotografía que achego, un valado desprazable a modo de protección de obra a menos de un metro da edificación, consecuentemente considero reposta a legalidade urbanística'.

De conformidade co establecido no art. 158.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, as obras obxecto do presente expediente está tipificadas como graves.

TERCEIRO.- Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións formuladas por J.A.M.P.con data 27.11.2018, xa que estas non desvirtúan os feitos probados; obras sen licenza consistentes en realizar un cerramento en espazo viario no lugar de Vilariño-O Hío, vistos os informes técnicos que constan no expediente.



SEGUNDO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Vilariño-O Hío, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 158.3.4 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 12.06.2018.

TERCEIRO.- Que J.A.M.P., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

CUARTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire é o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía seis mil un euros (6001,00 €). Indicar ao interesado que ao ter legalizadas as obras realizadas antes da resolución do presente expediente redúceselle a contía da sanción nun 90%, quedando polo tanto en seiscentos euros con dez céntimos (600,10 €).

QUINTO.- Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a J.A.M.P., na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de seiscentos euros con dez céntimos (600,10 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Vilariño-O Hío, consistentes en realizar un cerramento es espazo viario, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 12.06.2018.*

SEXTO.- Advertir ao interesado que, en caso de pagar voluntariamente a sanción imposta no período de pago voluntario, aplicarase unha redución nesta do 50%. Non entanto, a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción de impugnación no referido prazo".

Expediente 3348/2017. Expediente nº 18/2017 de reposición da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da instrutora de data 28.11.2018, referente ao expediente nº 18/2017 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Con data 7 de setembro 2018 A.S.M., con NIF nº X, solicita a redución do 50% da sanción que lle corresponde aboar pola realización de obras sen axustarse á legalidade urbanística para proceder ao seu pagamento no período voluntario, amosando a súa conformidade co contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de febreiro do 2018 e renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.

Visto o xustificante de pagamento de data 07.09.2018, de A.S.M. en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº X, de conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística,



Concello de Cangas

propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a A.S.M., por ter realizado no lugar da Rosada as obras de cerramento dun galpón existente mediante paramentos de bloques de formigón prefabricado e visto o xustificante de pagamento de data 07.09.2018, obrante no expediente sancionador nº X".

Expediente 6425/2017. Expediente nº 26/2017 de reposición da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da instrutora de data 27.11.2018, referente ao expediente nº 26/2017 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Con data 25 de outubro do 2018 S.J.F., con NIF nº X, solicita a redución do 50% da sanción que lle corresponde aboar pola realización de obras sen axustarse á legalidade urbanística para proceder ao seu pagamento no periodo voluntario, amosando a súa conformidade co contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.10.2018 e renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.

Visto o xustificante de pagamento de data 25.10.2018, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº X, de conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a S.J.F., por ter realizado no lugar de San Pedro-Darbo, as obras de reforma exterior e interior en edificación de planta baixa visto o xustificante de pagamento de data 25.10.2018, obrante no expediente sancionador nº X".

Expediente 160/2017. Cambio de titularidade de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 160/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.C.D., con enderezo a efectos de notificacións en barrio O Rodal, nº X-Moaña, titular do DNI nº X, para cambio de titularidade de comercio de venda polo miúdo de mobles sito na Avda. de Ourense, X-Cangas (referencia catastral X), que ata agora rexentaba I.C.R., visto o informe favorable da

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

arquitecta municipal de data 27 de novembro de 2018, obrante no expediente.

Expediente 5641/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5641/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS "CAMIÑO FUENTE JAJA", para obras de reparación de cornixa da cuberta e colocación de canalón no edificio, sito no lugar de rúa Fontejafa-Baixada a Menduíña, X- Aldán (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada pola arquitecta M.T.F.I. de data 14 de novembro de 2018 e condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 5 de novembro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a mil oitocentos sesenta e oito euros con vinte e sete céntimos (1868,27 €).

Expediente 3015/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3015/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X, para mantemento de rúas e cruces con ríos nas liñas eléctricas, programa anual 2018, vista a autorización de Augas de Galicia de data 24 de maio de 2018.

Expediente 5832/2018. Proposta de concesión de axuda económica de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de resolución de data 27.11.2018 do xefe do servizo do Centro Municipal de Benestar Social, que di o seguinte:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E.G.G., xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).

En relación coa solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica por importe de catrocentos euros (400,00 €), a J.L.J., con NIE nº X".*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 5901/2018. Dación de conta de sinatura de convenio coa Deputación e Concello para implantación eixo mobilidade amable e segura de interconexión centros urbanos Cangas e Moaña

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura do convenio de colaboración asinado en data 22 de novembro de 2018, entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, para a execución do proxecto "Implantación do eixo de mobilidade amable e segura de interconexión dos centros urbanos de Cangas e Moaña, no marco do Plan Deporemse", que é como segue:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "“IMPLANTACIÓN DO EIXO DE MOBILIDADE AMABLE E SEGURA DE INTERCONEXIÓN DOS CENTROS URBANOS DE CANGAS E MOAÑA", NO MARCO DO PLAN DEPO-REMSE

En Pontevedra, a 22 de novembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D^a M.C.S.R., quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. X.M.P.V., quen actúa no nome e representación do Concello de Cangas, en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada orporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D.C.C.R., en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se realiza.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas e, para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Ambas institucións comparten como principio común que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e, por tanto, partícipes fundamentais nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o



impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que o artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Asemade o artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúe como competencia propia a prestación da asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión. Para estes efectos, segundo o artigo 114.c) da mesma lei, a asistencia económica poderá revestir a forma de subvencións a fondo perdido.

III.- Que, ao abeiro do artigo 25.2.d) e g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do artigo 80.2.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os concellos asumen competencias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, tráfico, mobilidade e ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

IV.- Que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

V.- Que un dos obxectivos do goberno da Deputación de Pontevedra é desenvolver a mobilidade sustentable que priorice a seguranza e a mobilidade peonil en calquera estrada. De feito, a alta vulnerabilidade dos peóns pon de manifesto a urxencia de políticas e medidas que fagan máis segura a súa circulación. Asemade, a insuficiente capacidade financeira dos concellos mais pequenos impide, na maioría das ocasións, acometer a remodelación das súas rúas e vieiros. Co fin de facilitar a comunicación entre os espazos de emprego e dotacionais de uso social, sanitario ou educativo, así como para mellorar aqueles trazados que soportan unha alta densidade de tráfico tanto peonil como rodado, considérase necesario impulsar unha convocatoria de axudas para a remodelación e mellora da seguridade dos vieiros municipais, concibida como unha modalidade de asistencia económica aos concellos de conformidade coas necesidades municipais recabadas en materia de infraestruturas viarias.

VI.- Que para tal efecto e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos referidos obxectivos, a Deputación aprobou as bases reguladoras do “PLAN DE REMODELACIÓN E MELLORA DE SEGURIDADE DOS VIEIROS MUNICIPAIS (PLAN DEPO-REMSE)”, mediante acordo plenario 5.7099, publicadas no BOPPO núm. 72, de 13 de abril de 2018 e cuxa convocatoria se publicou no BOPPO núm. 74, do 17 de abril de 2018.

VII.- Que ao abeiro de dita convocatoria, mediante o acordo núm. 2.7175 adoptado na sesión do 28 de setembro de 2018 do Pleno da Corporación Provincial, concedeuse unha subvención, polo procedemento de concorrencia competitiva, ao Concello de Cangas, con destino ao financiamento do investimento 'IMPLANTACIÓN DO EIXO DE MOBILIDADE AMABLE E SEGURA DE INTERCONEXIÓN DOS CENTROS URBANOS DE CANGAS E MOAÑA'. Segundo a base sétima, apartado 2.j) das reguladoras do plan, trala resolución definitiva de



concesión das subvencións debe procederse á sinatura do correspondente convenio entre a Deputación e cada Concello beneficiario, onde se definirán as actuacións obxecto da subvención e se establecerán de xeito pormenorizado as obrigas das partes asinantes.

VIII.- Que a execución do investimento referido, resulta do interese de ámbalas administracións, polo que, de acordo coas precedentes consideracións e para o desenvolvemento da colaboración entre ámbalas institucións, á vista da mellora que supón para a seguridade das infraestruturas viarias municipais e, en definitiva para a súa veciñanza, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, no marco do Plan Depo-Remse, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cangas, para levar a cabo a actuación 'IMPLANTACIÓN DO EIXO DE MOBILIDADE AMABLE E SEGURA DE INTERCONEXIÓN DOS CENTROS URBANOS DE CANGAS E MOAÑA', no marco do Plan Depo-Remse.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

O custo total da actuación ascende a seiscentos mil euros (600.000,00 €).

Deste importe, a Deputación Provincial financiará unha contía máxima de catrocentos oitenta mil euros (480.000,00 €), que supón unha porcentaxe total sobre o orzamento do 80%, que na parte correspondente á anualidade 2018, trescentos sete mil douscentos euros (307.200,00 €) (64% da achega), se imputarán contra a aplicación 2018/942.9420.762.18 do vixente orzamento provincial.

A anualidade 2019, cento setenta e dous mil oitocentos euros (172.800,00 €) (36% da achega), se imputará no seu caso á aplicación orzamentaria 2019/942.9420.762.18, supeditado á existencia de remanente líquido de tesourería que permita financiar o primeiro expediente de modificación de crédito para este fin.

Pola súa banda, o Concello de Cangas achegará a cantidade restante ata completar o orzamento, o que supón unha contía de cento vinte mil euros (120.000,00 euros) e unha porcentaxe de cofinanciamento do investimento do 20% e que será financiada contra a aplicación 134/619 do orzamento do concello.

TERCEIRA.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- En relación á execución dos contratos a que o presente convenio se refire, establécese que o seu financiamento terá lugar con cargo ás anualidades 2018 e 2019, nos importes que deseguido se indican:

	Anualidade 2018		Anualidade 2019		TOTAL	
Deputación de	307.200,00 €	51%	172.800,00 €	29%	480.000,00 €	80 %



<i>Pontevedra</i>						
<i>Concello de Cangas</i>	<i>27.619,28 €</i>	<i>5%</i>	<i>92.380,72 €</i>	<i>15%</i>	<i>120.000,00 €</i>	<i>20%</i>
TOTAL CONVENIO	334.819,28 €	56%	265.180,72 €	44%	600.000,00 €	100%

Malia isto, o Concello, de consideralo necesario, poderá variar a distribución das súas achegas para a execución do investimento, para o cal se tramitará a correspondente addenda ao convenio. Dita modificación non poderá afectar en ningún caso á distribución das achegas da Deputación.

2º.- O persoal encargado da dirección das obras será nomeado pola entidade local contratante, debendo dárselle conta á Deputación unha vez producida dita designación. Calquera cambio na dirección técnica seralle igualmente comunicado á institución provincial no momento no que teña lugar.

3º.- Formalizado o contrato de obras para a execución do proxecto a que se refire o parágrafo anterior, remitirase copia deste á Deputación Provincial e comunicarse a esta a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Deputación Provincial, un facultativo técnico ou representante desta. A copia da acta que se levante seralle remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director desta, xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación, que será colocado no momento da sinatura da devandita acta.

En todo caso, o prazo máximo de execución será o 30 de xuño de 2020.

4º.- O Concello comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, ao remate das obras, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente a corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da certificación final destas.

5º.- Formalizado, no seu caso, o contrato e/ou contratos dos servizos complementarios ás obras (asistencia técnica á dirección de obra, control de calidade e coordinación de seguridade e saúde), remitirase copia destes á Deputación Provincial.

6º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas cando o teña por convinte, así como, formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E PAGAMENTO

O Concello asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas no correspondente proxecto técnico descritivo das actuacións, e a súa xustificación perante a Deputación Provincial.

Así mesmo, as actuacións deberán estar totalmente executadas a 30 de xuño de 2020 e



xustificadas no prazo de catro meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 31 de outubro de 2020. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

O pago ao Concello do importe da subvención realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas aprobadas polo órgano municipal competente. O Concello poderá presentar xustificacións parciais, que se axusten ao ritmo de execución do investimento e que se aboaran pola contía equivalente á xustificación presentada.

As certificacións ou facturas de subministracións achegaranse da seguinte documentación:

- A primeira certificación ou factura achegarase de:

- A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato.*
- O contrato.*
- Nomeamento do director técnico.*
- A acta de comprobación de replanteo, no caso de que sexa necesaria.*

** Acordo municipal de aprobación da certificación de obra ou da factura correspondente.*

- Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra.*
- As certificacións seguintes achegaranse do acordo municipal de aprobación da/das certificación/certificacións correspondente/correspondentes.*
- Xunto coa última certificación achegarase:*
 - Acordo municipal de aprobación da certificación de obra.*
 - Acta de recepción, cumprimentada de acordo co disposto na normativa de contratos.*
 - Unha nova acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra.*
 - Certificación do funcionariado público competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.*
 - Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación dos investimentos ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución.*

As certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución da obra por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

Realizada a comprobación formal e material que se define nos parágrafos anteriores, a



documentación xustificativa acreditativa do gasto será fiscalizada pola intervención provincial antes de ser aprobada e pagada.

A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar á perda ao dereito ao cobro da subvención correspondente.

QUINTA.- MODIFICACIÓNS

a) MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Non se permitirán aquelas modificacións do convenio que contraveñan o disposto nas bases reguladoras do Plan Depo-Remse e na normativa que lle sexa de aplicación.

De consideralo necesario, o Concello poderá variar a distribución das súas achegas para a execución do investimento, para o cal se deberá tramitar a correspondente addenda ao convenio. Dita modificación non poderá afectar en ningún caso á distribución das achegas da Deputación.

O Concello deberá remitir á Deputación a solicitude xustificada de modificación do convenio de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación suficiente á finalización do prazo de execución concedido.

A Deputación analizará a viabilidade da modificación e autorizará, no seu caso, a sinatura da addenda, previa instrución do correspondente expediente. O Concello deberá remitir a documentación técnica e administrativa que a Deputación lle requira para a tramitación da modificación. Unha vez autorizada e aprobada a modificación por ambas partes, asinarase a correspondente addenda.

b) MODIFICACIÓNS DOS CONTRATOS

Se durante a execución da obra xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar, de acordo co establecido na normativa de contratos, o modificado do proxecto, que deberá ser aprobado polo órgano competente do Concello. Trala aprobación polo Concello, a Deputación supervisará o modificado e, de ser o caso, prestará a súa aprobación.

As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. No caso de non existiren ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou achegas doutros entes públicos ou privados.

Tamén se poderán financiar co importe das baixas de adxudicación as liquidacións por exceso de medicións.

Non se autorizará o reinvestimento de baixas nin para o mesmo proxecto nin para actuacións complementarias, agás o disposto no parágrafo anterior.

A revisión de prezos, cando supoñan un incremento dos custos, correrán a cargo do Concello.



En calquera caso, o réxime de modificación acomodarse ao disposto na normativa aplicable en materia de contratación do sector público e nas bases reguladoras do Plan Depo-Remse.

SEXTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Cangas obrígase a:

- *Financiar a realización das obras, segundo a distribución disposta na cláusula segunda.*
- *Contratar, licitar, executar, controlar e recibir a obra consonte ao correspondente proxecto técnico.*
- *Contratar, de ser o caso, os servizos complementarios ás obras (asistencias técnicas á dirección de obra, control de calidade e coordinación de seguridade e saúde).*
- *Remitir, unha vez formalizados os contratos correspondentes, unha copia destes á Deputación Provincial.*
- *Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- *Dar a adecuada publicidade a este convenio e á colaboración coa Deputación de Pontevedra, de conformidade coas obrigas en materia de publicidade recollidas nas bases reguladoras do Plan Depo-Remse.*
- *Levar a cabo o mantemento e conservación dos bens obxecto do convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.*
- *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- *Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á intervención provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*
- *Calquera outra obriga disposta pola bases reguladoras do Plan Depo-Remse, no presente convenio ou pola normativa vixente aplicable.*

Asemade, o Concello comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a:

- *Financiar a realización das obras, achegando a contía máxima da subvención, no seu caso, segundo a distribución por anualidades disposta na cláusula segunda.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da Resolución*



Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de seiscientos mil euros (600.000,00 €).

SÉTIMA.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial e o Concello e nelas figurará de maneira destacada o financiamento das ditas actuacións pola administración provincial, todo iso de conformidade coas obrigas e instrucións en materia de publicidade recollidas nas bases reguladoras do Plan Depo-Remse.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello e a Deputación Provincial para a execución das actuacións obxecto do convenio.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da intervención xeral da administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema nacional de publicidade de subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a base de datos nacional de subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. Para tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a intervención xeral da administración do estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe destas sexa de tal contía que, ailladamente ou en oncorrenza con outras subvencións, non se supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos e de conformidade co disposto no artigo 14.1.d da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 33 do seu regulamento, unha das obrigas dos beneficiarios é a de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

A obtención de subvencións doutras administracións ou de achegas de particulares, suporá a diminución das achegas do Concello e da Deputación na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumida por ela.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e tamén para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha comisión de seguimento da que forman parte o deputado-delegado de Cooperación Municipal da Deputación de Pontevedra, quen ostentará a presidencia da comisión e o alcalde-presidente do Concello de Cangas, ou as persoas nas que



deleguen, e polo menos un funcionario ou técnico de cada administración.

Corresponderá á comisión de seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.

- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.

- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

- A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.

- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a pedimento de calquera dos seus membros. As súas reunións realizaranse no lugar que de común acordo dispoñan as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable desta e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMA.-VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 30 de xuño de 2020. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de catro meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 31 de outubro de 2020.

DÉCIMO PRIMEIRA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da comisión de seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistirá o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o



convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Polo incumprimento das condicións de concesión da subvención ou noutras recollidas nas bases reguladoras do "Plan de remodelación e mellora de seguridade dos vieiros municipais (Plan Depo-Remse)".

6º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO SEGUNDA.- REINTEGRO

Procederase ao reintegro da subvención outorgada ou, no seu caso, a declarar a perda do dereito ao seu cobro, de conformidade coas bases reguladoras do Plan Depo-Remse nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e, de conformidade co disposto na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, rexerase pola súa normativa específica, é dicir, as bases reguladoras do Plan Depo-Remse e as cláusulas deste convenio, resultando de aplicación supletoria as disposicións da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e a restante normativa de aplicación segundo o réxime xurídico das subvencións.

O Concello de Cangas e a Deputación de Pontevedra comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da comisión de seguimento, será competente a xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

A presidenta da Deputación de Pontevedra
Asdo.: M^a Carmen Silva Rego

O alcalde-presidente do Concello de Cangas
Asdo.: Xosé Manuel Pazos Varela

O secretario da Deputación Provincial
Asdo: Carlos Cuadrado Romay".

Expediente 5900/2018. Dación de conta de sinatura de convenio coa Deputación e Comunidade de Montes Veciñais do Hío (xacementos galaico-romanos)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local queda informada da sintaura en data 5 de setembro de 2018 do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Hío, para o desenvolvemento do Protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da Provincia de Pontevedra, que é como segue:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE CANGAS E A COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DO HÍO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROTOCOLO XERAL PARA A POSTA EN VALOR DOS XACEMENTOS GALAICO-ROMANOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

En Pontevedra, 5 de setembro de 2018

REUNIDOS

A Sra. Dna. M.C.S.R., na súa condición de presidenta da Excm. Deputación de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local.

D. X.M.P.V., alcalde do Concello de Cangas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local.

D. L.G.L., actuando na súa calidade de presidente Comunidade de Montes veciñais en Man Común do Hío.

D. C.C.R., secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando como fedatario público do presente convenio.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, recoñecéndose reciprocamente a capacidade de realizar o presente convenio, acordan establecer, e para tal efecto:

EXPOÑEN

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento asinan o 14 de marzo de 2015 o Protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra e o 14 de marzo de 2017 asinan addenda a este prorrogando a duración do protocolo.

O obxecto do protocolo é regular as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento no referente á recuperación dos xacementos galaico-

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



romanos da provincia de Pontevedra, que constitúen bens con valor científico, turístico e económico mediante o desenvolvemento dun programa integral.

As actuacións deste programa integral están englobadas na aposta polas partes asinantes de propiciar a transmisión do coñecemento dos bens arqueolóxicos á sociedade e a súa valorización e consideran que o aproveitamento turístico dos diversos xacementos da provincia representan un eixo importante para a estratexia de promoción turística provincial.

Segundo o protocolo xeral asinado o Ministerio de Fomento, a través da Secretaría de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, intervén nas liñas estratéxicas de musealización e accesibilidade/sinalización cun financiamento de 4.314.350,00 euros, segundo se recolle a Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017, dentro do programa 2610, artigo 6.1, partida orzamentaria identificado co código do superproxecto 2014.17.09.0431 denominada 'Programa provincial integral para o aproveitamento turístico de 18 xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra'. A Deputación de Pontevedra contribúe no financiamento cun importe de 2.131.350,00 euros, nas liñas estratéxicas de limpeza, mantemento, escavación, difusión/promoción e dixitalización.

Segundo.- As liñas estratéxicas de actuación que se establecen no protocolo, as cales se comprometen a realizar a Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento, son: limpeza, mantemento, accesibilidade/sinalización, difusión/promoción, escavación, musealización e dixitalización e comprende as seguintes tarefas:

- Limpeza: planificación de actividades de limpeza continuada dos xacementos, que permita manter os recursos e os elementos patrimoniais en óptimas condicións para ser visitados e aproveitados durante todo o ano polos visitantes.*
- Mantemento: medidas de mantemento e conservación preventiva das estruturas e das áreas escavadas do xacemento para a súa protección e posta en valor para os visitantes, que contemplan a reparación ou renovación de estruturas e elementos presentes no xacemento en mal estado de conservación ou deteriorados.*
- Accesibilidade/sinalización: adecuación dos accesos de cada un dos castros e indicación das rutas de chegada ata o lugar onde se localiza o xacemento dende os núcleos de poboación mais próximos, de acordo coa normativa vixente.*
- Difusión/promoción: coñecemento do patrimonio histórico e arqueolóxico para a revalorización e preservación deste (desenvolvendo actuacións coma a elaboración de folletos promocionais, a organización de excursións e visitas guiadas aos xacementos,...),favorecendo a creación dunha maior sensibilidade social e a vinculación da poboación local con estes recursos.*
- Escavación: desenvolvemento dunha escavación arqueolóxica, planificada ou de urxencia (prospección superficial, delimitación e caracterización cronocultural dos xacementos, sondaxes do subsolo, tratamento e estudo dos materiais arqueolóxicos atopados durante a intervención no xacemento,...).*



• *Musealización: creación de ambientes museográficos orientados a promover a difusión e a posta en valor destas áreas arqueolóxicas, desde un punto de vista económico e social, do patrimonio histórico e cultural arqueolóxico da provincia (museos e centros de interpretación,...), incluíndo a divulgación, conservación e a preservación do contorno e do medio ambiente.*

* *Dixitalización: rexistro dixital, de forma tridimensional, de todo o xacemento en alta resolución, o que inclúe a recreación en 3D de todo o espazo escaneado, fotogrametría, láser escáner, técnicas topográficas e videogrametría, entre outras.*

Terceiro.- Que o artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local lles atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia, representados neste suposto pola posta en valor e o aproveitamento turístico dos xacemento galaico-romanos existentes na provincia de Pontevedra, entre o que se encontra o xacemento arqueolóxico de Cangas. Trátase dun importante xacemento galaico-romano que, sen dúbida, pode ofrecer datos de gran interese para mellor coñecemento do mundo das crenzas na fase final da cultura castrexa, posto que o lugar ense interpretando recentemente coma un santuario xurdido en época prerromana, cun culto que perpetuouse polo menos ata o século IV d. C., datación sinalada para o gran conxunto de aras ecuperadas na croa.

Cuarto.- Que, segundo o artigo 3.2 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, en relación co establecido no artigo 25.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local, os concellos teñen a obriga de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal, tal e como debe acontecer respecto ao xacemento arqueolóxico do Facho de Donón.

Quinto.- A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Hío ostenta a titularidade e o aproveitamento dos terreos onde se atopa o xacemento obxecto de intervención denominado 'O Facho de Donón'. O Monte Facho elévase 189 m., no extremo occidental da península do Morrazo (provincia de Pontevedra), inmediatamente sobre unha costa acantilada -Costa da Vela ou Soavela- e bañada polas augas do océano Atlántico. Pertence á parroquia de San Andrés do Hío, no Concello de Cangas de Morrazo. O lugar máis próximo, de onde tamén parten os principais accesos ao monte, é o de Donón. Hoxe en día é un espazo dominado maioritariamente por unha vexetación de monte baixo, sobre todo toxo. As coordenadas xeodésicas son: 42° 16' 40" e 8° 51' 35".

No marco dos principios de cooperación e colaboración que caracterizan o actuar da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Hío, esta pretende contribuir á dinamización da vida social da zona e recuperar un novo espazo de valor patrimonial, cultural e tradicional como é o xacemento arqueolóxico de O Facho de Donón.

Na nova intervención se actuará na croa do xacemento, na zona actualmente visible deste. A superficie sobre a cal tense previsto actuar comprende ca. 1300 m²., e a intervención suporá a restauración e consolidación das estruturas xa visibles e a finalización da escavación daquelas que non se remataron de investigar ñas campañas anteriores. Desde modo, crearase



*un área homoxénea e restaurada para o seu aproveitamento turístico por parte dos visitantes. Por outra parte, coa nova intervención, completaranse os datos científicos existentes este xacemento emblemático. Sexto.- Na sinatura deste convenio concorren razóns de interese público, xa que se está a impulsar por parte da Deputación de Pontevedra a recuperación do xacemento galaico-romano existente no concello que constitúe un ben científico, turístico e socioeconómico mediante unha estratexia de promoción turística provincial, a través de actuacións que se instrumentalizan neste convenio de colaboración, atendendo ao interese social e económico de prestación dun servizo público como o que realiza o Concello de Cangas e a entidade implicada. Sétimo.- Que a Deputación de Pontevedra, o Concello de Cangas e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Hío, desexan a recuperación do xacemento galaico-romano do Concello, promovendo o coñecemento deste ben arqueolóxico á sociedade seguindo unha estratexia de promoción turística de acordo cos obxectivos do Protocolo xeral entre a Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento. Consecuentemente co exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes: **CLÁUSULAS***

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio regular as condicións da colaboración entre a Deputación de Pontevedra, o Concello de Cangas e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Hío, no referente á recuperación do xacemento do Concello e o acondicionamento dos medios necesarios para a súa execución, de acordo co Programa Integral que acolle o Protocolo Xeral asinado entre a Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES



A) Obrigas do Concello de Cangas

- 1. - Cederá á Deputación de Pontevedra a vagoneta existente no monte para levar a cabo o acondicionamento desta necesaria para a realización dos traballos de recuperación do xacemento.*
- 2. - Colaborará cos medios necesarios que poidan xurdir derivados dos traballos a levar a cabo para a recuperación do xacemento e dentro das posibilidades do Concello de Cangas.*
- 3. - Colaborará nas accións de promoción e difusión que desenvolverá a Deputación de Pontevedra facilitando, na súa posibilidade, os medios necesarios. Así mesmo se compromete a realizar accións de promoción e difusión deste xacemento arqueolóxico para poñelo en coñecemento da sociedade achegando á estratexia de promoción turística provincial.*
- 4. - Se compromete a garantir a súa sustentabilidade do xacemento, asumindo a parte dos gastos necesarios para o seu permanente funcionamento, conservación e mantemento dende a finalización das actuacións derivadas do proxecto de intervención a levar a cabo pola Deputación de Pontevedra ata o comezo das actuacións a desenvolver polo Ministerio de Fomento, así como a colaboración durante toda a intervención deste coa finalidade de lograr os obxectivos derivados do Protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra.*
- 5. - Una vez rematadas as actuacións derivadas do protocolo xeral, no prazo de dous meses, o Concello asumirá a titularidade das actuacións realizadas, debendo en todo caso atender as obrigas e responsabilidades relacionadas con estass e da mesma forma se compromete a garantir a súa sustentabilidade, asumindo a parte dos gastos necesarios para o seu permanente funcionamento, conservación e mantemento.*

B) Obrigas da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Hío

- 1. - Autorizará á Deputación de Pontevedra para a realización das actuacións de recuperación do xacemento do Facho de Donón detallados no Proxecto de intervención arqueolóxica para a recuperación patrimonial do xacemento do Facho de Donón (Cangas, Pontevedra).*
- 2.- Se compromete a garantir a súa sustentabilidade, asumindo a parte dos gastos necesarios para o seu permanente funcionamento, conservación e mantemento dende a finalización das actuacións derivadas do proxecto de intervención a levar a cabo pola Deputación de Pontevedra ata o comezo das actuacións a desenvolver polo Ministerio de Fomento así como a colaboración durante toda a intervención deste coa finalidade de lograr os obxectivos derivados do Protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra.*
- 3. - Una vez rematadas as actuacións derivadas do Protocolo xeral, no prazo de dous meses, a*



Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Hío, asumirá a titularidade das actuacións levadas a cabo no xacemento, debendo en todo caso atender as obrigas e responsabilidades relacionadas con estas e da mesma forma se compromete a garantir a súa sustentabilidade, asumindo a parte dos gastos necesarios para o seu permanente funcionamento, conservación e mantemento.

3. C) Obrigas da Deputación de Pontevedra

1. - Corresponderalle o financiamento, execución, dirección e coordinación de todas as actuacións especificadas no proxecto de intervención arqueolóxica para a recuperación do xacemento do Facho de Donón (Cangas, Pontevedra).

Así mesmo, solicitará os permisos que sexan necesarios de acordo coa lexislación sectorial vixente, dando efectivo cumprimento ás condicións que se impoñan nestes. A intervención arqueolóxica, segundo figura no proxecto de intervención arqueolóxica contempla actuacións en determinadas zonas do xacemento que veñen identificada no plano que figura no punto quinto deste convenio.

2. - Corresponderalle a adxudicación, financiamento, execución, dirección e coordinación de todos os traballos para a posta en funcionamento da vagoneta. A actuación a levar a cabo é a que se detalla a continuación:

** Automatización da vagoneta: punto de final de carreira desde o cadro de manobra ata o final do percorrido, subministración e colocación de final de carreira no punto final con fixación e conexiónado, punto de seta de parada de emerxencia en ambos extremos do percorrido e a pe de cadro de manobra, para o corte de subministración eléctrica no caso de risco para as persoas, seta de parada de emerxencia segundo a normativa vixente, subministración e montaxe de mando de acionamento con cable a pe de cadro de manobra, alimentación eléctrica a motor existente dende o cadro de manobras, liña de alimentación a cadro de tomas da zona superior, subministración e montaxe de tomas na parte superior da rampla, con proteccións térmicas e diferencial no cadro de tomas, subministración e montaxe de cadro de obras en placa de montaxe existente, totalmente montado e rotulado con esquemas unifilares e probas de ensaio e comprobación de manobra de funcionamento e regulacións necesarias par ao seu óptimo funcionamento.*

** Reparación da estrutura e vías: subministración e montaxe de cableado ao longo da vía, fabricación de nova vagoneta incluíndo a recollida da existente e as medidas de seguridade de freado incrementando as existentes, rodamentos e a súa instalación, reparación da vía, reparación superior e inferior da zona de base da vagoneta, cambio de rodetes deteriorados e reparación e revisión de ancoraxe do chan.*

3. - Prestará apoio e colaboración no espazo de tempo desde a finalización das súas actuacións derivadas do proxecto de intervención ata o comezo das actuacións a levar a cabo



polo Ministerio de Fomento, así como a colaboración durante toda a intervención deste coa finalidade de lograr os obxectivos derivados do Protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos galaico- romanos da provincia de Pontevedra.

4 - Una vez finalizadas as actuacións derivadas do protocolo xeral, no prazo de dous meses, porá as actuacións desenvolvidas no xacemento a disposición da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Hío e do Concello de Cangas, quenes asumirán as responsabilidades destas, mediante un acto formal de entrega, ordenado previamente mediante Resolución Presidencial e detallando na acta de entrega o ben en cuestión, a súa valoración, así coma os demais aspectos que sexan necesarios para a súa inclusión no inventario, no seu caso.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

Para o desenvolvemento do obxecto deste convenio, a Deputación de Pontevedra, achega o 100% dos custos das actuacións obxecto do convenio, nunha contía máxima de douscentos trinta e tres mil cincocentos catro euros con oitenta céntimos (233.504,80 €), para á recuperación do xacemento do Concello e vinte tres mil novecentos cincuenta e oito euros (23.958,00), para o acondicionamento da vagoneta. Se financian con cargo ao Protocolo xeral entre a Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra. Para o seu financiamento existe consignación dispoñible nas aplicacións correspondentes ao código de proxecto 1510002 Xacementos galaico-romanos.

CUARTA.- CONTROL E SEGUIMIENTO

Para o control e seguimento do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha comisión de seguimento da que formarán parte as persoas en quen deleguen as entidades asinantes (dúas por entidade).

QUINTA.- VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia deste convenio manterase ata a cesión das actuacións desenvolvidas no xacemento, no prazo de dous meses unha vez finalizadas as actuacións derivadas do protocolo xeral entre a Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra. No obstante seguirá xurdindo efectos en tanto en canto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

SEXTA.- NATUREZA E INTERPRETACIÓN

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente as cuestións litixiosas que poidan xurdir durante a súa aplicación, interpretación ou cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso - administrativa da cidade de Pontevedra.

SÉTIMA.- REMISIÓN NORMATIVA



Concello de Cangas

Para o non disposto no presente convenio contemplarase o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, de 18 de novembro de 2003), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121 de 25 de xullo de 2007) e demais lexislación aplicable.

Así mesmo, rexerese pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polos principios da Lei de contratos do sector público e polas demais normas de dereito administrativo de aplicación e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

OITAVA - REMISIÓN AO TRIBUNAL DE CONTAS

As partes comprométese a remitir a documentación necesaria ao Tribunal de Contas en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público e na Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos realizados polas entidades do sector público local, todo iso no prazo e na forma establecida para o efecto.

E, en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento por triplicado, no lugar e datas arriba indicados.

M.C.S.R.

C.C.R.

Presidenta da Deputación

Secretario xeral da Deputación

X.M.P.V.

Alcalde do Concello de Cangas

L.G.L.

*Presidente da
Comunidade de
Montes Veciñais
en Man Común do
Hío".*

Expediente 5903/2018. Dación de conta de sinatura de convenio entre o Concello de Boiro e o Concello de Cangas para realización tarefas e funcións de arquitecto

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura en data 11 de outubro de 2018 do convenio de colaboración interadministrativa entre o Concello de Boiro e o Concello de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Cangas, para a realización de tarefas e funcións de arquitecto, que é como segue:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE O CONCELLO DE BOIRO E O CONCELLO DE CANGAS PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS E FUNCIÓNS DE ARQUITECTO

En Boiro a once de outubro de dous mil dezaoto.

REUNIDOS

D. J.J.D.O., con DNI nº X, na súa calidade de alcalde do Concello de Boiro, consonte ao disposto nos artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de Réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Dª M.G.S., con DNI X, na súa calidade de alcaldesa accidental do Concello de Cangas, en virtude do Decreto nº 2018-1512, de data 08.10.2018, en virtude do disposto no artigo 23.3 da citada Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de Réxime local, consonte ao disposto nos artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de Réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Recoñécense ámbalas dúas parte capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente convenio e de común acordo:

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- No cadro de persoal do Concello de Boiro, figura vacante a praza de arquitecto municipal sendo necesaria e preceptiva por configuración legal a función atribuída ao posto de informar as obras e usos a instancia de parte, así como, a colaboración e informe en materia de obra pública e urbanismo, tanto na súa fase de planeamento como de xestión.

SEGUNDO.- Á espera da cobertura desta praza mediante o procedemento de selección que está en trámite e cuxo impulso debe realizarse de oficio e con celeridade, conforme ao disposto no artigo 209 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, pódese con base no principio de colaboración administrativa previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, a atribución e execución de tarefas e funcións a funcionarios de carreira doutras administracións, polo que se pretende a colaboración co arquitecto do municipio de Cangas en Pontevedra para os efectos previstos legalmente.

TERCEIRO.- Neste contexto, é vontade do Concello de Cangas a colaboración interadministrativa co Concello de Boiro.

Con base nos antecedentes citados, asínase este convenio de colaboración interadministrativa, con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración interadministrativa entre o Concello de Boiro e o Concello de Cangas.

SEGUNDA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente convenio aplícase ao persoal funcionario que ocupa o posto de arquitecto no Concello de Cangas.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

TERCEIRA.- SERVIZOS AOS QUE AFECTARÁ A REALIZACIÓN DE FUNCIONS E TAREFAS NO ÁMBITO TERRITORIAL DO CONCELLO DE BOIRO

A sinatura deste convenio afectará ao servizo de urbanismo do Concello de Cangas.

CUARTA.- PERSOAL ASIGNADO

Asígnase a este convenio de colaboración interadministrativa ao funcionario A.L.P., con DNI nº X, arquitecto municipal do Concello de Cangas.

QUINTA.- FUNCIONS E TAREFAS A REALIZAR POLO PERSOAL AFECTADO

Realizará as funcións e actividades competencia da súa titulación e especialidade profesional de arquitecto, tales como:

- Elaboración de orzamentos técnicos e económicos dos proxectos municipais.*
- Elaboración de informes técnicos sobre o estado das obras municipais, de edificios, vivendas, etc.*
- Elaboración de informes técnico-económicos en procedementos indemnizatorios e en xeral a taxación de inmobles, solares, incrementos de valor ou contía de arbitrios e outras misións análogas que lle sexan encomendadas pola administración.*
- Preparación de valoracións, liquidacións e certificacións de obra e servizo.*
- Colaboración cos técnicos superiores na preparación técnica dos instrumentos de planeamento e xestión urbanística, así como a súa supervisión, control técnico e informes nos procedementos que sirvan a súa tramitación.*
- Colaborar na elaboración de ordenanzas e cadros de prezos en relación coa súa competencia que deban rexer na contratación de obras públicas municipais ou sexan reguladoras do uso do solo, edificacións, instalacións, etc.*
- Dirección, inspección e recepción de obras a recibir pola administración municipal dentro do marco da súa competencia técnica.*
- Fiscalizar a edificación privada con arranxo ás ordenanzas e á lexislación xeral, e informar os expedientes de licenzas para a construción e reforma de edificios, xa sexan de uso público ou privado co fin de conseguir o mais perfecto e harmónico desenvolvemento urbano.*
- Proxectar, dirixir e conservar, de acordo coa súa titulación, os instrumentos urbanísticos e as obras municipais, especialmente as que tendan a dotar, ampliar e perfeccionar os servizos públicos.*
- Atención ao público, informe de licenzas de obras e actividades, comunicación previas e declaracións responsables, expedientes de xestión urbanística (reparcelación, plan parcial), informes sobre plan urbanístico (interpretación), replanteo de obras, licenzas de 1ª ocupación, valoración expedientes de infracción urbanística, realización de proxectos/memorias valoradas, dirección de obras, asesoramento alcaldía.*
- Manter a reciclaxe continua nos coñecementos e procedementos necesarios para realizar as*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a administración dispoña.

- *Atención e información pública naquelas materias da súa competencia.*
- *En xeral, calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico, en relación co servizo e coa súa categoría.*

SEXTA.- Consta no expediente a conformidade do funcionario A.L.P., que manterá en todo caso a súa relación funcional co Concello de Cangas.

SÉTIMA.- OBRIGAS E FACULTADES DAS PARTES

As partes, de común acordo, establecen a seguinte fórmula de colaboración:

1. Corresponde ao Concello de Cangas:

- *Permitir ao funcionario A.L.P., con DNI nº X, a realización das funcións e tarefas que lle son propias como arquitecto municipal no Concello de Boiro, un día á semana en xornada de mañá, para iso reorganizarse a súa xornada laboral no Concello de Cangas.*

2. Corresponde ao Concello de Boiro:

- *O pagamento dunha gratificación mensual ao funcionario A.L.P., do 30% das remuneracións correspondentes ao posto principal excluídos os trienios.*
- *Esta colaboración deberá realizarse fóra da xornada ordinaria do posto de traballo que ocupa efectivamente no Concello de Cangas.*

OITAVA.- VIXENCIA

A data de entrada en vigor deste convenio é o 01/10/2018, mantendo a súa vixencia ata que se cubra a praza vacante de arquitecto municipal do Concello de Boiro e ata o máximo de un ano.

NOVENA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio:

- *O mutuo acordo das partes.*
- *A resolución por decisión unilateral de unha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave e acreditado das obrigas asumidas.*

DÉCIMA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

O presente convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven, resolveranse ante a xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado exemplar, na data e lugar indicados no encabezamento”.



Expediente 4162/2018. Proposta da Alcaldía para aprobación do expediente de contratación da obra "Urbanización da fonte da Regueira" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 03.12.2018, referente a aprobación do expediente de contratación da obra de "Urbanización da fonte da Regueira", que é como segue:

"Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28.08.2018, polo que se inicia o expediente de contratación para a adxudicación do contrato administrativo de obra 'Urbanización da fonte da Regueira', financiada con fondos propios do Concello.

Visto que a intervención municipal incorporou ao expediente documento contable de retención de crédito por importe de cento mil cento cincuenta e catro euros con oitenta e sete céntimos (110.154,87 €), con cargo á aplicación orzamentaria 1532.609.01 (número de asentamento X).

Visto que se incluíron no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), así como o cadro de características do contrato (CCC) que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de secretaría (de data 19.11.2018) e intervención (informe 2018-0279 [ref.: X] do día 3.12.2018).

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra 'Urbanización da fonte da Regueira', xunto co PCAP e o CCC que rexerán o procedemento de licitación e que constan no expediente.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 1532.619.02 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto simplificado sumario e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico e intervención".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Dación de conta de sinatura de convenio entre FECIMO e o Concello de Cangas para desenvolvemento do Plan de dinamización comercial para o ano 2018 (Urxencia)

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura en data 29 de novembro de 2018 de convenio de colaboración entre a FEDERACIÓN DE COMERCIANTES E INDUSTRIAIS DO MORRAZO (FECIMO) e o Concello de Cangas, para o desenvolvemento do plan de dinamización comercial para o ano 2018, que é como segue:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN DE COMERCIANTES E INDUSTRIAIS DO MORRAZO (FECIMO) E O CONCELLO DE CANGAS, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL PARA O ANO 2018

REUNIDOS

Por unha banda, Don X.M.P.V., alcalde-presidente do Concello de Cangas.

Por outra banda, Don R.P.F., xerente de FECIMO, con CIF nº X, e domicilio en Cangas, na Avenida de Vigo, nº X-baixo, inscrita no Rexistro municipal de asociacións.

INTERVEÑEN

Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecéndose reciprocamente capacidade e abrogándose nos termos deste documento

EXPONEN

PRIMEIRO.- Que o Concello, de conformidade co art. 25.2 i) da Lei 7/85, de 2 de abril, ostenta entre as súas competencias propias as feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, debendo prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades da cidadanía.

SEGUNDO.- Que a Federación de comerciantes e industriais do Morrazo, FECIMO, encárgase de organizar e xestionar distintos proxectos, campañas e feiras en prol da promoción da actividade comercial do Concello.

TERCEIRO.- Que a Federación de comerciantes e industriais do Morrazo, FECIMO está a desenvolver actividade relacionada coa actividade comercial desde a súa creación e presentou na Mesa local de comercio realizada o día 19 de febreiro de 2018, o 'Plan de dinamización comercial 2018', para a promoción e fomento da actividade comercial no Concello de Cangas.

CUARTO.- A Mesa local de comercio, na sesión realizada o día 19 de febreiro de 2018, adoptou por unanimidade de votos a favor, o seguinte acordo: 'PUNTO SEGUNDO.- Informar favorablemente o 'Proxecto de dinamización comercial 2018', presentado pola Federación de comerciantes e industriais do Morrazo, FECIMO', e deuse conta na mesma sesión do convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Cangas e FECIMO, para desenvolver dito proxecto no ano 2018.

QUINTO.- Que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos



recollidos nos convenios e na normativa reguladora desta subvencións.

- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán procedementos de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.*
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*

QUINTO.- Que segundo o artigo 26.1 da Lei de subvencións de Galicia, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta.

SEXTO.- Que ámbalas partes manifestan un mutuo interese pola cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a promoción e fomento da actividade comercial entre a cidadanía do Concello de Cangas.

Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan para os efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Federación de comerciantes e industriais do Morrazo (FECIMO), organizará en colaboración co Concello de Cangas o 'Plan de dinamización comercial 2018', para a promoción e fomento da actividade comercial.

SEGUNDA.- O Concello de Cangas, por acordo de Xunta de Goberno Local de data 15 de outubro de 2018, comprométese a aportar a cantidade de cinco mil douscentos euros (5.200,00 €) á Federación de comerciantes e industriais do Morrazo (FECIMO), para o desenvolvemento do nomeado Plan de dinamización comercial 2018, con cargo á partida 241.480.01 do orzamento municipal para o exercicio 2018.

TERCEIRA.- A Federación de comerciantes e industriais do Morrazo (FECIMO) comprométese a:

- Á realización do Plan de dinamización comercial subvencionado e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións aos que dese lugar.*
- Cumprir a normativa e obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.*
- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que aos órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo á súa realización.*
- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente*



presentado, que deberá ser autorizado previamente.

CUARTA.- A Federación de comerciantes e industriais do Morrazo (FECIMO), comprométese, así mesmo, a presentar no Concello de Cangas, ata o 14 de decembro de 2018 os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que serán os seguintes:

- Memoria detallada do programa de actividade desenvolvida, con indicación de que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención e que os fondos foron destinados na súa integridade ao cumprimento desta.

- Promoción do plan de actividade subvencionado. A entidade beneficiaria deberá acreditar o cumprimento da obriga de facer constar claramente que este plan de actividade está subvencionado ou patrocinado polo Concello, de acordo co establecido no artigo 31. 22 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións - orzamentos de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que se presente unha copia compulsada, con carácter previo á compulsua deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada polo Concello de Cangas.

Considérase gasto realizado o que conste como efectivamente pagado antes da fin do período de xustificación da subvención, polo que deberá acreditarse o pagamento efectivo dos diferentes gastos antes da fin dese período.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Cangas, coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

- Declaración doutras axudas ou subvencións concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade e de calquera outros ingresos destinados ao financiamento da actividade.

- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin ser debedor por obrigas de reintegro de subvencións.

- Certificación da conta bancaria na que se solicita o ingreso de subvención.

Tanto a memoria como os documentos que integran a xustificación, presentaranse asinados e identificando debidamente á persoa asinante, quen se fará responsable da veracidade e exactitude dos datos consignados na sinalada documentación.

QUINTA.- Establécese a obriga por parte da Federación de comerciantes e industriais do Morrazo (FECIMO), de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, da subvención de Galicia, no Decreto 11/2009, e nos artigos 74 a 76 do Decreto



Concello de Cangas

11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado no lugar e data sinalados dixitalmente á marxe".

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850